

Luns, 18 de maio de 2026

Núm. 92

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

Subvencións e axudas

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE ASCENSORES, MELLORA DA ACCESIBILIDADE E ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS (2279/433)

ANUNCIO

A Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda en resolución de data 05.05.2026, resolveu aprobar as bases reguladoras da concesión de axudas para a instalación de ascensores, mellora da accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas en edificios residenciais colectivos existentes para o período 2026-2027, así como os seus Anexos (modelos normalizados de solicitudes, etc:), dispoñendo a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. Dita resolución foi tomada en coñecemento polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, en sesión ordinaria de data 12.05.2026.

Contra este acordo poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante esta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á publicación no BOP.

BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE ASCENSORES, MELLORA DA ACCESIBILIDADE E ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS PARA O PERÍODO 2026-2027.

Base 1ª.- Obxecto e réxime da convocatorias

Esta convocatoria ten por obxecto establecer as bases que regularán a concesión de subvencións para fomentar a mellora da accesibilidade e eliminación de barreiras arquitectónicas nas edificacións residenciais colectivas existentes no termo municipal de Vigo, mediante a entrega, a fondo perdido, dunha axuda económica ás persoas propietarias que, cumprindo os requisitos desta convocatoria, promovan e executen ou teñan executado durante o período comprendido entre o 01 de xaneiro de 2026 e o 15 de outubro de 2027, actuacións de primeira instalación de ascensores, ramplas, plataformas elevadoras, varandas ou calquera outras obras ou instalacións que teñan por finalidade salvar os desniveis existentes entre a beirarrúa e o portal ou entre este e o ascensor, así como, dos descansos de entrada ás diferentes vivendas que integran o inmovible ou que, en xeral, supoñan unha mellora efectiva da accesibilidade ou a eliminación de barreiras en escaleiras e vestíbulos.



Luns, 18 de maio de 2026

Núm. 92

O procedemento para a concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva que, de conformidade co art. 22.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante, LXS), é o procedemento ordinario de concesión de subvencións, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Estas axudas terán carácter plurianual, comprendendo as actuacións realizadas entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 15 de outubro de 2027, ámbolos dous incluídos.

O texto da convocatoria, unha vez aprobada polo órgano competente, e o seu extracto, subministrárase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para que esta lle de traslado do correspondente extracto da convocatoria ao Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP) para a súa publicación. A eficacia da convocatoria queda supeditada á publicación do seu extracto no diario oficial, que determinará o inicio do cómputo do prazo para a presentación de solicitudes. Tamén serán publicadas na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), no Portal de Transparencia e na Sede Electrónica no apartado “Convocatorias e subvencións”, sen prexuízo da súa remisión á BDNS.

Base 2ª. Persoas beneficiarias e requisitos para acadar esta condición

Poderán ser persoas beneficiarias as seguintes:

- a) As persoas físicas ou xurídicas que teñan a condición de persoas propietarias do inmovible, tanto sexan comunidades de propietarios/as en réxime de propiedade horizontal, mancomunidades ou agrupacións de comunidades, legalmente constituídas, así como, agrupacións de persoas propietarias ou persoas propietarias únicas de edificios de vivendas, nas que se cumpran os requisitos desta convocatoria, que promovan e executen ou teñan executado no período comprendido entre o 01 de xaneiro de 2026 e o 15 de outubro de 2027 (ambos os dous incluídos) as actuacións obxecto desta convocatoria.
- b) Así, poderán obter a condición de persoas beneficiarias aquelas persoas ou entidades que se axusten aos requisitos establecidos nestas bases reguladoras e na convocatoria, e que non incorran en ningunha das incompatibilidades e/ou prohibicións previstas no art. 13.2 da LXS.
- c) No caso de comunidades de persoas propietarias ou mancomunidades/agrupacións de comunidades legalmente constituídas, deberase acreditar que se atopan debidamente constituídas, conforme ós artigos 2 e 5 da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de Propiedade Horizontal (LPH) e demais normativa que lle resulte de aplicación.
- d) Cando se trata de comunidade de persoas propietarias “de feito”, é dicir, agrupacións de persoas propietarias non constituídas en réxime propiedade horizontal ou persoas propietarias únicas de edificacións de vivendas, así como, doutras entidades que carezan de personalidade xurídica, deberá facerse constar, tanto na solicitude como na resolución, os compromisos de execución asumidos por cada un dos membros da agrupación no proxecto total, así como, o importe da subvención a aplicar para cada un deles, que tamén terán a consideración de persoas beneficiarias. Deberá nomearse



Luns, 18 de maio de 2026

Núm. 92

unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como persoa beneficiaria, lle corresponden á agrupación na actuación coa Administración. Non poderá disolverse a agrupación ata transcorrido o prazo de prescrición previsto nos arts 35 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante, LSG) e 65 da LXS.

Base 3ª. Gastos subvencionables

Serán gastos subvencionables as actuacións realizadas e efectivamente aboadas entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 15 de outubro de 2027 que se atopen nalgún destes supostos:

- a) Primeira instalación de ascensores, salvaescaleiras, plataformas elevadoras, ramplas ou calquera outro dispositivo de accesibilidade, incluídos os adaptados ás necesidades de persoas con discapacidade sensorial.
- b) Instalación de elementos de apoio, como grúas ou aparellos análogos, que faciliten o acceso e uso por persoas con discapacidade a elementos comúns da edificación.
- c) Instalación de elementos de información e aviso, luminoso e sonoro, que facilite a orientación no usos de ascensores e escaleiras.
- d) A obra civil de baixada a 'cota 0' precisa para a substitución de ascensor.
- e) Calquera outra instalación de elementos e/ou obras que sirvan para salvar o desnivel existente ata o portal e entre este e o ascensor -pasos, bazos, chanzos...—e, en xeral, contribúan a salvar as barreiras arquitectónicas en escaleiras e vestíbulos.
- f) Honorarios profesionais, custo de redacción de proxectos, informes técnicos e certificados, que sexan preceptivos, así como, gastos derivados da tramitación administrativa, sempre que todos eles estean debidamente xustificadas.
- g) En xeral, consideraranse subvencionables os custos de equipamentos, materiais, obra civil, man de obra e os impostos indirectos asociados a obra e posta en servizo do ascensor, de maneira que quede operativo.
- h) Os tributos son gastos subvencionables, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

En todo caso, a actuación completa debe xustificarse como máximo o 15 de novembro de 2027.

Non serán subvencionables, de ningún xeito:

1. Os incrementos do orzamento de gastos que non se tiveran recollido na solicitude achegada
2. Os gastos de mantemento das instalacións ou infraestruturas cuxa execución se subvencionan.
3. Os gastos que non estean claramente definidos e que non se tiveran reflectido na orzamento e/ou proxecto incluído na acta na que consta a aprobación do gasto pola xunta de propietarios que se acompaña.



Luns, 18 de maio de 2026

Núm. 92

4. Gastos e custos financeiros derivados do investimento.
5. Os intereses debedores das contas bancarias
6. Intereses, recargas e sancións administrativas e penais
7. Os gastos de procedementos xudiciais

Enténdese por gasto realizado o que foi efectivamente aboado con anterioridade á finalización do período de xustificación fixado nas bases.

As comunidades de persoas propietarias que dispoñan de varios portais non comunicados entre si poderán solicitar unha subvención por cada un deles sempre que a actuación a subvencionar sexa diferente a dos outros. Unha mesma actuación común para varios portais so pode ser obxecto dunha subvención.

Base 4ª. Condición das edificacións

- a) A edificación na que se executen as obras debe atoparse en solo clasificado como urbano e a actuación subvencionada ser compatible coa normativa urbanística vixente aplicable.
- b) Debe tratarse de edificacións residenciais colectivas, cunha altura superior a dous andares (excluído a planta baixa), cunha antigüidade superior a 20 anos, que carezan de ascensor ou que precisen obras de accesibilidade e/ou eliminación de barreiras arquitectónicas.
- c) As edificacións estarán destinadas nun mínimo dun 80% da superficie útil a uso residencial, excluído do cómputo a planta baixa cando non se destine a uso de vivenda e as superficies baixo rasante.
- d) A edificación en cuestión non debe ter incoado ningún expediente de protección ou restauración da legalidade urbanística nin tratarse de edificacións ruinosas declaradas así mediante resolución firme conforme á lexislación vixente ou respecto das que exista en trámite expediente contradictorio de ruína.
- e) Que non exista contenda ou litixio xudicial en activo por mor da titularidade do inmovible.

Base 5ª. Contía das subvencións

A contía total destinada para estas axudas é de 60.000 € (sesenta mil euros) para cada exercicio 2026 e 2027, que farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 1510.7800000, incluída no capítulo VII (“Transferencia de capital”), denominada “Axudas accesibilidade nos edificios”, do orzamento do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

As contías determinaranse segundo os seguintes criterios:

- a) Ata un máximo de 3.000 euros do custo efectivo de execución material, de acordo co orzamento consignado na correspondente resolución de licenza de obras e/ou comunicación previa.



Luns, 18 de maio de 2026

Núm. 92

- b) Ata un máximo de 1.000 euros en concepto de honorarios, excluído o IVE, correspondentes á redacción do proxecto, certificados, informes e demais documentación técnica preceptiva.

O importe máximo total a subvencionar por edificación residencial colectiva é de 3.000 euros e, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custe da actuación subvencionada.

Base 6ª. Solicitudes

A solicitude realizarase mediante a presentación do modelo establecido no Anexo I destas bases, mediante presentación telemática na 'Carpeta Cidadá' da Sede Electrónica da web oficial do Concello de Vigo (sede.vigo.org), dirixida á Oficina de Vivenda e Solo da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo.

As comunidades de persoas propietarias e as súas persoas representantes deberán presentar a solicitude electronicamente, de acordo co establecido no artigo 14.2.b) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de que presentasen as súas solicitudes de forma presencial, requiriráselles para que as emenden a través da súa presentación electrónica. Nestes casos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas físicas poderán presentar a súa solicitude por vía electrónica ou en formato papel, por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. O medio elixido pola persoa física para comunicarse coas Administracións Públicas poderá ser modificado por aquela en calquera momento.

A presentación telemática pode realizarse na 'Carpeta Cidadá' da Sede Electrónica da web oficial do Concello de Vigo (sede.vigo.org), dándose de alta ou accedendo mediante certificado electrónico dixital.

O prazo para a presentación de solicitudes, información e documentación complementaria será o fixado no anuncio que, como extracto desta convocatoria, se publique no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOP).

O cómputo de dito prazo realizarase consonte o establecido polo art 30 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O prazo concluirá o mesmo día da súa publicación no BOP. Cando o último día do prazo sexa inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

O Anexo I inclúe unha serie de declaracións e compromisos que deben ser cubertos na súa integridade.

A presentación da solicitude de concesión da presente subvención levará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, A Tesourería Municipal



Luns, 18 de maio de 2026

Núm. 92

do Concello de Vigo e a Axencia Tributaria de Galicia. Con todo, a persoa solicitante poderá denegar expresamente este consentimento, debendo presentar estas certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

Base 7ª. Documentación a presentar xunto á solicitude

Xunto ao modelo de solicitude (Anexo I) deberá achegarse a documentación que de seguido se explicita:

- a) Documento acreditativo da persoa que actúe en representación da entidade ou persoa física solicitante.
- b) Copia da escritura de división horizontal da edificación inscrita no Rexistro da Propiedade, no caso de Comunidades de persoas propietarias. No caso de comunidades non constituídas legalmente, nota simple rexistral da vivenda ou documento acreditativo da propiedade da mesma e DNI de cada persoa propietaria.
- c) Documentos acreditativos da ocupación do inmovible: certificado de empadramento colectivo, contratos de arrendamento, facturas de subministracións ou calquera outro documento que permita verificar este extremo.
- d) Certificación de acordos ou copia das actas que recollan os acordos das actuacións a desenvolver (execución das obras, solicitude e aprobación do orzamento pola maioría legalmente establecida, solicitude de subvención/s...).
- e) Acta de aprobación do orzamento de gastos e ingresos para o 2026/2027 ou, no seu defecto, da derrama correspondente, ou o financiamento necesario para afrontar o custe total da actuación. No caso de agrupacións de persoas propietarias non constituídas legalmente, ou persoas propietarias únicas da edificación, os compromisos de execución e asunción do custo total, asumidos por cada un dos membros da agrupación, con indicación da cota de participación de cada un deles no inmovible.
- f) No caso de non autorizar a esta administración á obtención dos mesmos, deberán achegar certificacións acreditativas de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social (certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), da Tesourería Xeral da Seguridade Social, da Tesourería Municipal e da Axencia Tributaria de Galicia).
- g) Documento/s acreditativo/s da/s discapacidade/s e/ou situacións de dependencia alegadas, mediante achega do/s certificado/s de grao de discapacidade e/ou declaración/s da/s situación/s correspondente/s, expedido/s pola/s Administración/s competente/s.
- h) Fotografías da edificación en cuestión e dos espazos onde se pretende acometer as obras. No caso de que as obras foran executadas antes da convocatoria (dento do vixente exercicio 2026), achegarse reportaxe fotográfica das obras rematadas xunto co certificado final de obra expedido por técnico competente.
- i) Orzamento de execución das obras elaborado pola empresa executora, detallado e desagregado por conceptos -traballos, materiais, man de obra...-, aprobado pola correspondente comunidade ou agrupación de persoas propietarias.



Luns, 18 de maio de 2026

Núm. 92

Cando o importe da actuación subvencionable supere a contía de 40.000 euros (IVE excluído), a persoa solicitante deberá achegar como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores da actuación a subvencionar, de conformidade co establecido no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa, nos termos establecidos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Esta memoria presentarase no momento da xustificación da subvención (véxase Base 13.c).

- j) Certificación bancaria da conta na que se pretenda cobrar a subvención.
- k) Calquera outro documento que consideren oportuno.

A persoa solicitante poderá acollerse ao dereito a non achegar documentos que obren en poder da Administración convocadora, sempre que se faga constar a data, o órgano ou a dependencia na que foron presentados, ou, no seu caso, o número de expediente ou procedemento no que se fixeron valer. Presumirase a autorización da persoa ou entidade interesada, ao acceso a esta documentación por parte deste organismo, salvo que conte oposición expresa.

O organismo autónomo convocador poderá requirir canta outra documentación considere precisa para acreditar o cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria, verificar ou completar datos e/ou informacións facilitadas polas persoas solicitantes, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

Base 8ª. Procedemento de tramitación

a) Iniciación: O procedemento para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva iníciase sempre de oficio, mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que ao abeiro da delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de data 04/07/2023 (expte 1483/1102) recae na Concelleira de Área de Urbanismo e Vivenda da XMU, publicada na BDNS, que remitirá extracto da convocatoria ó BOP de Pontevedra.

b) Instrución: Cada solicitude xerará, no momento do seu rexistro, un número de expediente. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, pola Oficina de Rexistro da XMU, emitirase informe co resultado da convocatoria correspondente, no que se identificará a persoa solicitante, data de achega da solicitude e número de expediente. Con todo, non será necesario fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos esixidos, cando o crédito consignado en cada convocatoria sexa suficiente, atendendo ao número de solicitudes unha vez rematado o prazo de presentación establecido na convocatoria. En caso contrario, establecerase como criterio de valoración a data e hora de entrada que figuren rexistradas na solicitude, reunindo a totalidade dos requisitos e documentación requirida na convocatoria. No suposto de non presentar a solicitude coa documentación completa, considerarase como data de Rexistro de Entrada a da última presentación da documentación relativa a dita solicitude.



Luns, 18 de maio de 2026

Núm. 92

O servizo responsable da convocatoria, revisará a documentación achegada. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, requirirase ás persoas interesadas para que emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de 10 días, co apercibimento de que, de non facelo, teráselle desistidos da súa petición, consonte o establecido polo art 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo, no seu caso, da declaración de caducidade e arquivo das actuacións, polo transcurso do prazo de tres meses de paralización do procedemento imputable á persoa interesada.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle a un/ha técnico/a de Administración Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de acordo co art. 21 da LXS.

c) Comisión de Valoración: A avaliación das solicitudes de subvención realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente/a: A Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo deste Concello
- 3 Vogais: Dous técnico/a/s de Administración Xeral da XMU e un/ha Administrativa/o
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión.

A Vicepresidenta da XMU resolverá o nomeamento das persoas titulares e suplentes da referida Comisión.

A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera oportuno.

As solicitudes avaliaranse conforme á documentación achegada, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos nestas bases.

Se a Comisión de Valoración considera que algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de emendar, requirirá á persoa ou entidade interesada para que, no prazo de 10 días, facilite a documentación ou información solicitada. De non atender ao requirimento, a Comisión propondrá a denegación da subvención.

Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación.

As comunidades de persoas propietarias, están obrigadas a recibir as notificacións desta administración por medios electrónicos. A estes efectos, deberán indicar como medio preferente a efecto de notificacións no Anexo I a vía electrónica, indicando en dito anexo o coreo electrónico onde recibir ditas notificacións. Con independencia de que a notificación sexa realizada en papel ou por medios electrónicos, as Administracións Públicas enviarán un aviso ao dispositivo electrónico e/ou ao enderezo de correo electrónico da persoa interesada indicado na solicitude, informándolle da posta a disposición dunha notificación na sede electrónica da Administración ou Organismo correspondente ou no enderezo electrónico habilitado único. A falta de práctica



Luns, 18 de maio de 2026

Núm. 92

deste aviso no impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. As notificacións en papel seguirán a regulación establecida no art 42 da Lei 39/2015, de 01 de outubro.

As persoas físicas deberán indicar expresamente no Anexo I a modalidade escollida para as notificacións do presente procedemento.

Os criterios de avaliación serán os seguintes:

A concesión destas axudas atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Xerencia Municipal de Urbanismo destinada para tal fin no correspondente exercicio. Neste senso, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándose as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite máximo total de 100 puntos e dentro do crédito dispoñible:

1.- Antigüidade da edificación. Ata un máximo de 25 puntos:

- Entre 20 e 30 anos: 10 puntos
- Entre 30 e 50 anos: 20 puntos
- Mais de 50 anos: 25 puntos

2.- Número de andares, partindo do mínimo esixible para tomar parte da presente convocatoria. Ata un máximo de 10 puntos:

- Baixo + tres andares (mínimo): 5 puntos
- Maior número de andares: 10 puntos

3.- Número de vivendas ocupadas, con independencia do réxime de ocupación (propiedade ou arrendamento). Ata un máximo de 10 puntos:

- Ata catro vivendas: 5 puntos
- Mais de catro vivendas: 10 puntos

4.- Accesibilidade de residentes. Ata un máximo de 30 puntos.

- Mínimo do 50% dos residentes con idade igual ou maior a 65 anos: 10 puntos
- Mínimo dunha persoa con discapacidade ou mobilidade reducida, legalmente recoñecida: 10 puntos.
- Mínimo dunha unidade familiar cunha persoa en situación de dependencia, debidamente acreditada: 10 puntos

Cando nun mesmo residente concorreran discapacidade ou mobilidade reducida e situación de dependencia, a puntuación será única de 10 puntos.

5.- Orzamento. Terase en conta o esforzo económico realizado pola propiedade, de xeito que, aquelas actuacións que supoñen un investimento superior a 12.000 €, terán unha puntuación adicional de 10 puntos.



Luns, 18 de maio de 2026

Núm. 92

6.- Catalogación. Existen edificacións situadas en zonas urbanas ou barrios concretos que, polas súas características, están suxeitos a un determinado nivel de protección, que os fan merecedores dunha especial consideración. Ata un máximo de 15 puntos.

- Catalogación ambiental: 5 puntos
- Catalogación estrutural: 10 puntos
- Catalogación integral: 15 puntos

d) Proposta de resolución: Á vista do expediente e do informe da Comisión de Avaliación, a instrución formulará proposta de resolución ao órgano competente, consonte as regras establecidas na LXS.

e) Resolución: Corresponderá á Concelleira delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, ao abeiro do establecido na delegación de competencias da Xunta de Goberno Local na Concelleira de Área de Urbanismo e Vivenda, de data 04/07/2023, que recolle expresamente que lle corresponde a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, a aprobación da resolución, a aprobación e compromiso do gasto; a comprobación da xustificación, a incoación, instrución e resolución do procedemento de reintegro; así como todos os demais actos do procedemento de xestión para os que a normativa reguladora esixa acordo ou resolución do órgano concedente da subvención, incluídos os relativos á resolución dos recursos de reposición que se interpoñan contra devanditos actos.

O prazo para resolver o outorgamento da subvención será de tres (3) meses contados dende a data de presentación da solicitude. Finalizado este prazo sen resolución nin notificación expresa, poderán entenderse desestimadas por silencio administrativo.

A resolución do procedemento notificarase ás persoas interesadas consonte co previsto no art 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

f) Recursos: Contra a resolución de outorgamento ou denegación de subvención poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que resolve, no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o correspondente Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, as persoas ou entidades interesadas poderán desistir da súas solicitudes. Estas desistencias aceptaranse de plano pola Administración concedente, declarando concluso o procedemento.

Base 9ª. Comprobación de datos

No presente procedemento esta administración consultará os datos seguintes de cada entidade ou persoa interesada:

- a) Documento nacional de identidade, CIF ou documento de identidade de estranxeiro da persoa solicitante e do seu representante.



Luns, 18 de maio de 2026

Núm. 92

- b) Certificacións acreditativas de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), da Tesourería Xeral da Seguridade Social e da Tesourería Municipal e da Axencia Tributaria de Galicia.
- c) Certificados de empadramento das persoas ocupantes das vivendas do edificio.
- d) Certificados de grao de discapacidade e/ou declaración/s da/s situación/s correspondente/s achegados por cada persoa interesada.
- e) Certificado de conta bancaria na que se pretenda cobrar a subvención concedida.

As persoas interesadas poderán opoñerse a estas consultas mediante indicación expresa no Anexo I. Neste caso deberán achegar xunto ao Anexo I os documentos indicados.

En todo caso, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos datos indicados, poderá requirirse ás persoas interesadas a presentación dos mesmos.

Base 10ª. Causas de denegación

Serán rexeitadas todas aquelas solicitudes que non cumpran os requisitos esixidos nestas bases ou sexan contrarias ao ordenamento xurídico.

Base 11ª. Compatibilidade con outras axudas

Estas axudas serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As persoas beneficiarias deberán comunicar ó centro xestor a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actuación subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, no momento da xustificación da subvención outorgada.

Tal e como preceptúa o art. 19.3 da LXS, “o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividades subvencionada”, en cuxo caso, procedera o reintegro do exceso obtido sobre o custe do proxecto subvencionado, xunto cos xuros de mora, unindo as cartas de pago á correspondente xustificación, de acordo co art. 37.3 da LXS e o art. 34 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).

En todo caso, no momento de xustificación da subvención deberá achegar, unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción das mesmas.



Luns, 18 de maio de 2026

Núm. 92

Base 12ª. Prazo e forma de xustificación

As persoas beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos.

O prazo máximo para achegar a xustificación será o día 15 de novembro do ano 2026, para as solicitudes presentadas no ano 2026 e o 15 de novembro de 2027 para as solicitudes achegadas no ano 2027. De non achegarse en ditos prazos perderase o dereito a percibir a axuda.

A conta xustificativa establecida no Anexo II e a documentación que deberá achegarse xunto a esta, será o documento a través do que se realice a xustificación da subvención.

Os lugares de presentación da conta xustificativa serán os mesmos previstos para a presentación das solicitudes.

Se se apreciasen defectos emendables na documentación xustificativa presentada, requirirase á persoa beneficiaria outorgándolle un prazo máximo de 10 días hábiles para que sexa presentada a documentación correspondente, o que será notificado ás persoas interesadas na dirección electrónica indicada ao efecto, ou no seu caso, consonte co previsto nos arts. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro. A falla de presentación da documentación requirida, transcorrido o prazo, levará aparellada a perda do dereito de cobro da subvención e o inicio do procedemento de reintegro.

Base 13ª. Documentación xustificativa

A conta xustificativa das subvencións outorgadas conterá a seguinte documentación e información:

- a) Certificado/informe final de obra asinado por técnico competente e fotografías da actuación/obra/instalación realizada e finalizada.
- b) Copias das facturas relativas ao investimento, aos honorarios ou as relativas á actuación subvencionada e documento acreditativo do pagamento á empresa ou profesional correspondente dos importes consignados nas facturas.
- c) Memoria xustificativa do orzamento de obra elixido, cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa, nos termos establecidos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Esta memoria deberá vir asinada pola persoa solicitante da axuda municipal ou a persoa que a represente.
- d) Copia simple do título habilitante municipal necesario para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.
- e) Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción das mesmas (deberá vir asinada pola persoa solicitante da axuda municipal ou a persoa que a represente).



Luns, 18 de maio de 2026

Núm. 92

Base 14ª. Crédito orzamentario

A contía total destinada para estas axudas para cada exercicio orzamentario (2026 e 2027), será de 60.000 € (sesenta mil euros), e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 1510.7800000, incluída no capítulo VII (“Transferencia de capital”), denominada “Axudas accesibilidade nos edificios”, do orzamento do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

Base 15ª. Tributación das axudas

Segundo a lexislación vixente, as presentes axudas tributan como ganancia patrimonial aos efectos do IRPF.

As comunidades de persoas propietarias, a efectos do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (artigos 86 a 90 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do IRPF) non tributan, senón que son as persoas propietarias as que estarán obrigadas a tributar no caso da obtención da axuda, en proporción á cota de participación nos elementos comúns da edificación.

Base 16ª. Contía das axudas

Coa finalidade de colaborar parcialmente no financiamento do custo das actuacións obxecto de subvención, a Xerencia Municipal de Urbanismo aboará ás persoas beneficiarias unha axuda económica, a fondo perdido, equivalente a:

- Ata un máximo de 3.000 euros, do custo efectivo de execución material.
- Ata un máximo de 1.000 euros en concepto de honorarios, excluído o IVE, correspondentes á redacción do proxecto, certificados, informes e demais documentación técnica preceptiva.

O importe máximo total a subvencionar por edificación residencial colectiva será de 3.000 euros.

A concesión da subvención non xerará, por si mesma, ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

Non se admitirán solicitudes de abonos a conta ou anticipos de cantidades concedidas en concepto de subvención.

O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria na conta de titularidade da persoa beneficiaria, sinalada para estes efectos pola propia entidade interesada.

Base 17ª. Obrigas das persoas beneficiarias

Son obrigas das persoas beneficiarias da presente subvención:

- a) As recollidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño (LSG)
- b) O cumprimento das bases reguladoras do presente procedemento



Luns, 18 de maio de 2026

Núm. 92

- c) Dar publicidade do carácter público do financiamento, mediante a colocación, en lugar visible, na edificación na que se leven a cabo as actuacións, dun cartel informativo tamaño A3, conforme ó modelo oficial establecido no anexo III destas bases. Este cartel será facilitado pola Oficina de Vivenda e Solo da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo no prazo dos dez días seguintes á notificación do outorgamento da axuda, e deberá colocarse durante o prazo de un mes a contar dende o seguinte á súa entrega.
- d) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á edificación para canta comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canta documentación e información lle sexa requirida.
- e) Todas cantas veñan impostas pola lexislación vixente en materia de subvencións.

Base 18ª. Perda e reintegro da subvención

Son causa de perda e reintegro da subvención, as previstas no art 33 da LSG e no art 37 da LXS, na forma prevista pola lexislación vixente. A cantidade a reintegrar (sen prexuízo das sancións que podan corresponder por incumprimento ou falsidade) verase incrementada co xuro legal correspondente dende o seu pagamento mais a porcentaxe establecida no art 34 da LSG.

Base 19ª. Réxime de infraccións e sancións

En canto ao réxime de infraccións e sancións en que poidan incorrer as persoas beneficiarias, estarase ao disposto na LXS, no RLXS, á LSG e á lexislación vixente reguladora do procedemento sancionador.

Vigo, na data da sinatura dixital

A Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, María José Caride Estévez
(Resolución do Presidente de 4.07.2023 – BOP núm. 136 do 14.07.2023)

